



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 2	Código	613G03008	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Perez Janeiro, Purificacion	Correo electrónico	purificacion.pjaneiro@udc.es	
Profesorado	Perez Janeiro, Purificacion	Correo electrónico	purificacion.pjaneiro@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es			
Descrición xeral	<p>Esta materia ofrece formación teórico-práctica na descrición e uso da lingua inglesa de maneira que se garanta un dominio práctico da mesma a un nivel intermedio-alto. O alumnado debería conseguir consolidar ?unha vez que se cubran os contidos da materia? moitas das competencias do nivel B2 dentro dos seis niveis que se distiguen no Marco Europeo de Referencia. Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p>Aínda que non existe ningún prerrequisito oficial, é recomendable que os/as estudantes superen previamente a materia Lingua inglesa 1 ou teñan un nivel equivalente ao establecido para esa materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Seguir con facilidade unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontaneamente e ser capaces de relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade.	A6	B4	C2
Entender as ideas principais dun discurso extenso oral ou escrito, seguir liñas argumentais complexas e identificar as conclusións sempre que o tema sexa relativamente coñecido.	A6 A9 A15	B4	C2
Comprender casi todas as noticias da televisión, programas sobre temas actuales ou películas sempre que se fale un nivel de lingua estándar.	A6	B3 B4	C2
Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situación cotiáns explicando e defendendo puntos de vista.	A6 A15	B1 B3	C2
Expoñer un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razoable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden.	A6	B3	C2
Escribir textos ben enlazados e gramaticalmente correctos sobre temas diversos, transmitindo información ou propoñendo motivos que apoién ou refuten un punto de vista concreto.	A6 A9 A15	B3 B4 B5 B6	C3
Redactar o curriculum vitae, cartas solicitando traballo ou informes sinxelos con corrección.	A6 A9 A15	B3 B4 B6	C2
Amosar creatividade e imaxinación nos traballos elaborados en lingua inglesa.	A6	B3	C2



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Gramática	1.1. Verbos modais 1.2. Frases de relativo 1.3. Condicionais 1.4. Estilo indirecto 1.5. Frases adverbiais 1.6. Preposicións e conxuncións 1.7. Verbos compostos 1.8. Formación de palabras 1.9. Frases idiomáticas
2. Vocabulario	2.1. Traballo e finanzas 2.2. Arte e entretemento 2.3. Medios 2.4. Saúde e estado de forma 2.5. Ciencia e tecnoloxía 2.6. Lei e criminalidade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A9	2	0	2
Sesión maxistral	A6	10	15	25
Seminario	C3	13	14	27
Discusión dirixida	B5	7	3	10
Traballos tutelados	B1	4	15	19
Proba obxectiva	A15 C2	0	11	11
Proba oral	A15 B4	0	6	6
Portafolios do alumno	B3	2	18	20
Lecturas	A6	0	10	10
Aprendizaxe colaborativa	B6	4	15	19
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Seminario	Nesta materia denomínanse seminarios aquelas aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral. Deste xeito, haberá seminarios de lectura, redacción e comprensión audiovisual case todas as semanas do curso.
Discusión dirixida	Nesta materia chamámoslle discusión dirixida ás actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados polo profesorado lector, en que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela.



Traballos tutelados	O alumnado deberán realizar un traballo en grupo ("project") sobre un tema que se especificará ao inicio do curso. Con este traballo preténdese promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela do profesorado así como a aprendizaxe colaborativa. O "project" exporase en clase e entregárase tamén unha versión escrita súa.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación, entre outras.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista coas profesoras individualmente ou por parellas. Os estudantes terán tamén que ler un texto en voz alta e tal vez improvisar situacións suxeridas polas profesoras, que poderán usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ordenada por seccións, que contén os materiais realizados polo alumnado durante o cuatrimestre, o que lle permitirá visualizar o seu progreso: redaccións, traballo persoal voluntario do alumnado, etc.
Lecturas	Nesta materia chamarémoslle lecturas a todo o material que o estudiantado terán que ler fóra da aula para a realización dalgúns exercicios de reading comprehension así como todas as lecturas que poidan facer en inglés para outras materias. Tamén se considerarán "lecturas" a lectura de xornais, revistas, foros de internet, etc. en lingua inglesa, actividade que recomendaremos desde o primeiro día de clase.
Aprendizaxe colaborativa	A elaboración do "project" fomentará a aprendizaxe colaborativa do alumnado posto que traballarán de forma presencial e non-presencial en pequenos grupos de xeito conxunto, compartindo información e habilidades, e dirixidos pola profesora que optimizará a aprendizaxe de todos os membros do grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Portafolios do alumno	O estudiantado informará ao profesorado ao longo do trimestre dos avances que vai facendo. O alumno /a gardará o portafolio ó longo do curso

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	C3	A avaliación das competencias de comprensión auditiva que o alumnado debe acadar tras participar nos seminarios realizarase a través de exercicios de listening comprehension que se levarán a cabo antes da data oficial no período de avaliación.	15
Traballos tutelados	B1	Avaliarase a súa exposición oral e a parte escrita así como o traballo realizado polo grupo ao longo do cuadrimestre.	10
Proba obxectiva	A15 C2	Ao longo do curso o alumnado terá que realizar probas obxectivas de "Use of English" que avaliarán todo o traballo feito nas aulas.	50
Proba oral	A15 B4	Todo o alumnado realizará unha proba oral ao final do cuadrimestre ou no período da avaliación en que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa.	15
Portafolios do alumno	B3	No portafolio evaluaremos as tres tarefas de produción escrita feitas ao longo do curso. Valorarase a orixinalidade, a creatividade, a implicación pesonal e a transversalidade	5
Lecturas	A6	haberá lecturas recomendadas	5

Observacións avaliación



IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma das distintas probas, project e demais actividades avaliábeis deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima do

exame final, da proba oral e das tarefas de produción escrita non poderá ser inferior a 4, aínda que a nota media total sexa 5 ou máis.

Aplicarase unha penalización do

25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

Os traballos con

evidencia de plaxio serán cualificados automaticamente coa calificación de 0.

Os traballos escritos poden ser revisados a través da aplicación Turnitin que detecta citas incorrectas,

plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicarase as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). Turnitin

recoñece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

Os

alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

A

participación dinámica nas diferentes tarefas da clase, así como todo o material de "extra-credit" que o alumnado realice ao longo do cuatrimestre, poderá supoñer ata un 5% extra na nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou calquera outra actividade proposta polo profesorado, ou proposta polo alumnado e aceptada polo profesorado.

OPORTUNIDADE de XULLO: A

distribución de porcentaxes será a seguinte: exame (50%), tarefas de avaliación das diferentes destrezas (50%)

Alumnado con dispensa: O

alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa desta universidade, será avaliado en calquera das dúas oportunidades seguindo os mesmos criterios

que para a segunda oportunidade de xullo. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Atención á diversidade: Existe

unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana

Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto

coa ADI en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Carte, R et al. (2011). English Grammar Today. CUP - Simon, P. (2016). The Gramming Guide to English Grammar. My E-Book Publishing House - Swan, M. (1996). Practical English Use. OUP - Thomas B. et al (2015). Grammar and Vocabulary for First with answers. CUP - Woolard, G (1996). Key Words for Fluency. Thomson ELT <p>Recommended Websites for autonomous learning:</p> <p>http://dictionary.cambridge.org/grammar/british-grammar/ (baseado no English Grammar Today)?</p> <p>http://www.grammaring.com/the-grammaring-guide-to-english-grammar (baseado no The Gramming Guide to English Grammar)? https://www.engvid.com/ (free English video lessons on grammar, vocabulary, speaking and pronunciation, listening and writing) ? https://www.ted.com/topics</p>
Bibliografía complementaria	<p>. Allsop, J. & P. Watcyn-Jones. 1990. Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin.· Allsop, J. & P. Watcyn-Jones. 1990. Test Your Prepositions. London: Penguin.· Beaumont, D. & C. Granger. 1991. Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann.· Collie, J. & S. Slater. 1992. Cambridge Skills for Fluency: Listening 3. Cambridge: C.U.P.· Collie, J. & S. Slater. 1992. Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3. Cambridge: C.U.P.· Greenall, S. & D. Pye. 1993. Cambridge Skills for Fluency: Reading 3. Cambridge: C.U.P.· Greenall, S. & M. Swan. 1986. Effective Reading. London: Cambridge: C.U.P.· Hashemi, L. & B. Thomas. 2003. Cambridge Grammar for First Certificate. Cambridge: C.U.P.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías